

Ricard Salvat (1934-2009) e o teatro galego

XUNTA DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

AUTOR:

Xesús Alonso Montero

DESEÑO:

Beatriz Padín Romero

IMPRIME:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

ISBN:

978-84-453-5121-5

DEPÓSITO LEGAL:

C 2280-2013

Xesús Alonso Montero, *El Correo Gallego* e os herdeiros de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane autorizaron a reprodución das imaxes incluídas no capítulo Iconografía deste libro.

**Ricard Salvat (1934-2009)
e o teatro galego**

Xesús Alonso Montero

ÍNDICE XERAL

PRÓLOGO NECESARIO	9
AS LETRAS GALEGAS, OS DRAMATURGOS GALEGOS E OS ARTISTAS DE GALICIA NA VIDA E NA OBRA DE RICARD SALVAT.....	15
ANEXO: TEXTOS E DOCUMENTOS	41
Epistolario Ricard Salvat	43
Cartas de Ricard Salvat a Xesús Alonso Montero	45
Cartas de Núria Galobardes a Xesús Alonso Montero	55
Carta de Ricard Salvat a Modesto Hermida	57
Dous artigos de Ricard Salvat sobre teatro galego	59
“Las formas parateatrales propuestas por Isaac Díaz Pardo” (1971)	61
[Sobre <i>Castelao e a sua época</i> , 1984].....	67
Ficha técnica do espectáculo <i>Castelao e a sua época</i> (1969)	77
ICONOGRAFÍA	81

Prólogo necesario

Celebramos este ano o cuadrexésimo aniversario do inicio das actividades teatrais da agrupación cultural Abrente de Ribadavia, que consistían non só en representación de obras (cos conseguintes debates) senón tamén nun certame de textos, certame que convocou a presenza de nomes xa coñecidos e que estimulou a autores, daquela, inéditos. Tense dito que a verdadeira historia do teatro galego comeza en Ribadavia no ano 1973, afirmación, no esencial, non desaxeitada. Consecuentemente, o teatro galego anterior a 1974 constitúe a prehistoria do noso teatro. Así pois, Abrente é o amencer do teatro galego, formulación que vai algo máis alá dun xogo de sinónimos. Sobre a realidade e o significado do teatro de Abrente (mostra e textos) existe un libro magnífico de Inma López Silva e Dolores Vilavedra, especialistas que saben do que falan.¹ Contén o volume un extenso apéndice no que opinamos algunhas das persoas que tivemos algún tipo de participación naquela experiencia tan fecunda (Manuel Guede, José Monleón, Camilo Valdehorras, Roberto Vidal Bolaño...).

Na miña colaboración evocaba a personalidade dun ribadaviense que fora fundamental nos inicios de Abrente, tanto da asociación cultural como da aventura teatral: Xesús (*Chucho*) Sánchez Orriols (1917-1992). Naceu coa Revolución rusa, licenciouse en Compostela na carreira de Dereito, fíxose marxista na escola dos libros clandestinos, foi un voraz lector (tamén de teatro) e chegou a posuír unha das bibliotecas particulares máis ricas de Galicia. Legouna a dous amigos e camaradas, ó doutor Manuel Peña Rey e a min, e nós cedémola, en depósito, ó Museo Etnolóxico de Ribadavia onde o seu director, Xosé Carlos

¹ *Un abrente teatral: as mostras e o concurso de teatro de Ribadavia*, Vigo, Galaxia, 2002.

Sierra, a acolleu con todos os honores, tanto que, en pouco tempo, montou para ela uns andeis especiais e publicou un catálogo que honra o xénero.²

Quen non respondeu ó inquerito das autoras da espléndida monografía teatral foi Ricard Salvat, e non sei por que. Como é ben sabido, Salvat foi membro, en maio de 1973, da primeira edición do Certame de textos teatrais. Con el estaban o citado Sánchez Orriols, Xesús Alonso Montero e Manuel Lourenzo, nome este o máis relevante dos tres no mundo do teatro. Cómpre aclarar, porén, que quen, naquela altura, lle confería un especial predicamento ó xurado era Ricard Salvat, que, con trinta e nove anos, xa tiña un nome europeo como director e estudoso do teatro. Só por esta colaboración merecía Ricard Salvat unha lembranza especial nos fastos teatrais ribadavienses do presente ano, cuadraxésimo daquel abrente.

Pero Ricard Salvat xa estaba moi vencellado ó teatro galego antes de 1973 (por iso, tamén, foi convocado) e seguiu moi vencellado de 1973 ata os anos finais da súa vida. En non poucos momentos, Salvat foi, verbo do teatro en lingua galega, alentador, estudoso, propagandista, director..., e nalgúns momentos interesouse pola nosa poesía (García Lorca, Martín Codax) e por outras manifestacións literarias. Dedicoulles especial atención ós artistas plásticos que tiñan relación co teatro. Sobre todas estas facetas xa falei eu nun extenso artigo publicado no ano 2009 na revista da UNED, *Lengua y literaturas castellana, vasca, gallega y catalana*. Titulábase o artigo “Las letras gallegas, los dramaturgos gallegos y los artistas de Galicia en la vida y en la obra de Ricard Salvat”, artigo que, para esta ocasión, traduce ó galego o meu amigo Gregorio Ferreiro Fente, quen tamén coidará da edición do presente volume. Debo aclarar que o artigo, corrixido nalgunhas moi poucas minucias, publícase hoxe notablemente ampliado, ben que non tanto como quixera. Como verá o lector, no inicio da primeira versión eu manifestaba o desexo de utilizar, canto antes, o inxente material (non só cartas) obrante no arquivo de Isaac Díaz Pardo, tan vencellado a Salvat, mesmo como editor e artista plástico. Non tardou en falecer o noso común amigo e, hoxe por hoxe, o fondo documental diazpardiano aínda non é consultable.

Quen queira facer a biografía galega de Salvat conta xa cos materiais, non poucos, ofrecidos ou indicados no presente traballo, e, sobre todo, co volume *Castelao e a sua época na Coimbra de 1969*, tese de mestrado do profesor galego

² Legado “Chucho” Sánchez Orriols. Fondo bibliográfico, 1997.

Antonio Iglesias Mira, que aínda non se lera cando eu publiquei a primeira redacción do meu traballo. Está inédita pero é consultable.

Eu agradézolles, en nome de Ricard Salvat, a don Anxo Lorenzo, a edición deste opúsculo, e con el, a don Valentín García Gómez e a don Jesús Vázquez Abad (ribadaviense coma min), ós que felicito por levaren a cabo, con ambición intelectual, o programa de actividades conmemorativas do que a musa Talía protagonizou na Ribadavia de 1973. Naquel acontecer estaba a voz autorizada, cortés e entrañable de Ricard Salvat Ferrer.

X.A.M.

En Ventosela (Ribadavia) a 7 de outubro de 2013

*As letras galegas, os dramaturgos
galegos e os artistas de Galicia na
vida e na obra de Ricard Salvat*

PALABRAS INICIAIS

Cun pouco de atraso, redactamos a biografía *galega* de Ricard Salvat, e facémolo dun xeito un tanto esquemático, convencidos, neste momento, de que en ocasión máis propicia abordaremos o tema con máis amplitude.

Non outra cousa merece de Galicia o home de Letras que nos deixaba para sempre o 24 de marzo de 2009. Eu teño a obriga de realizar ese traballo, non só pola miña vella amizade con el, senón polo feito de que posúo material literario e documental moi útil para acometelo detalladamente (cartas, programas...). Cando, canto antes, amplíe a presente biografía, empregarei parte do inxente material do arquivo de Isaac Díaz Pardo, o artista plástico que máis colaborou con Salvat como director teatral e o home que, en momentos moi especiais, recoñeceu e alentou algunhas das actividades do grande cidadán da cultura que foi Ricard Salvat.

Para lectores pouco informados na vida e na obra do noso escritor, ofrecemos a columna que lle dedica o *Nou Dicionari 62 de la Literatura Catalana* (Barcelona, Edicions 62, 2000, pp. 675-76):

SALVAT, RICARD (Tortosa, 1934). Dramaturg, assagista, director escènic de teatre i òpera, professor i promotor cultural. Cursà filosofia i lletres a la Universitat de Barcelona, sociologia i filosofia a Heidelberg i ciències teatrals a Colònia. De retorn a Catalunya fundà i dirigí diversos grups teatrals. Després d'una altra estada a Alemanya, l'any 1960 fundà l'Escola d'Art Dramàtic Adrià Gūal. És l'introductor del realisme èpic a la península i difusor de l'obra de Brecht (sobre la producció del qual ha dirigit diversos muntatges

teatral) i Piscator. Obtingué un remarcable èxit aplicant els seus coneixements en el muntatge *Ronda de mort a Sinera* (1965), sobre textos de Salvador Espriu triats i confegits per ell. Com a dramaturg ha escrit les obres següents: *Mort d'home* (1961), *Nord enlla* (1962), i *Allí on neixis tant se val*, estrenada en Tolosa de Llenguadoc l'any 1966. El 1959 guanyà el premi Joanot Martorell amb la novel·la *Animals destructors de lleis*. Ha traduït al castellà obres de María Aurélia Capmany, Salvador Espriu, Max Frish etc., i ha confegit l'espectacle *Adrian Gual y su época* (publicat en català el 1972) per presentar a Madrid l'obra d'aquest autor *Misteri de dolor* l'any 1966. Ha publicat *Teatre contemporani* (1966), en dos volums, *Els meus muntatges teatrals* (1971), o *Brecht i Barcelona* (1985). També ha col·laborat en l'edició de diversos volums, com les *Obres Completes d'Agustí Bartra*, *Primera historia d'Esther* o *Antígona* de Salvador Espriu, o el *Teatre de Shakespeare* (1996), preparat per José María Valverde. Ha dirigit diversos muntatges televisius entre els quals destaca *En escena: 100 anys de teatre català* (1994), i ha organitzat les Jornades Bertolt Brecht i diverses exposicions, com *100 anys Brecht al Teatre Nacional* (1998-99). L'adaptació de l'obra del dramaturg i poeta alemany *A la jungla de les ciutats* li ha valgut el Premi Nacional de Teatre de la Generalitat 1999. Ha col·laborat en diverses publicacions, entre les quals cal destacar *Serra d'Or*, *Presència*, i *Primer Acto*.

É unha biografía literaria bastante parca, pero expresiva da intensidade e polifaceta teatral de Salvat nesas catro décadas (1960-2000). Este *Diccionari* omite a obra non catalá protagonizada por Salvat, como director teatral, en escenarios tan distintos, entre outros, como Madrid, Roma, México e Budapest. Dentro e fóra de Barcelona, hai grandes autores españois que están en débeda co noso gran director (Valle-Inclán, Rafael Alberti...), e o mesmo podemos dicir de importantísimos dramaturgos galegos (Castelao, Álvaro Cunqueiro). Pero Ricard Salvat non só se asomou ás letras galegas como director teatral e estudioso do teatro, senón que traduciu ó catalán dous poemarios galegos moi valiosos (Martín Codax, García Lorca) e uns textos en prosa, de Castelao, moi reveladores. Hai outros achegamentos ás Letras galegas dos que damos cabal noticia nas presentes páxinas.

BIOBIBLIOGRAFÍA GALEGA DE RICARD SALVAT: ESQUEMA CRONOLÓXICO EN VINTE “CAPÍTULOS”

1. DÚAS DATAS DA SÚA “PREHISTORIA”: 1953, 1958

Foron os seus dous primeiros encontros con Galicia, magnificamente contados nunhas deliciosas páxinas evocativas de 1975: “Com vaig descubrir la figura de Castelao”.³ Así refire a primeira viaxe:

Hi havia anat, per primer cap, l'estiu del 53. Havia obtingut una beca per a seguir les classes a l'abans esmentada Universitat de Santander i un cap allí vaig aprofitar-ho per arribar-me, amb uns pocs diners que havia estalviat, a les terres de Rosalia, la poetessa, que des mol aviat, des molt nen, jo havia –i continuo encara– admirat tant. Galicia em va produiré una mena de sotsobre, tant que, ja des del primer contacte, em va guanyar per a sempre més (pp. 44-45).

Unha boa parte do relato céntrase na súa viaxe de 1958 á comarca de Betanzos, a un albergue do SEU, para falarlles, a mozos universitarios en vacacións, de teatro español. O *curset* foi un desastre: “un pur pretext que els joves que hi havien anat paguéssim banyar-se i divertir-se”. Foi entón cando, nunha sala interior da vivenda dun taberneiro, quedou impresionado por “la figura de Castelao...una figureta o petita escultura colorida que reproduña un home vestit de negre, fortament encorbat, més aviat prim i am bulleres”. Tratábase da figura feita na Cerámica Celta de Cesures que, desde 1950, algúns fogares galegos gardaban con orgullo. Era unha icona semiclandestina, o que advertiu Salvat naquela casa cuxo dono amosou unha grande preocupación ó saberse descuberto por aquel mozo descoñecido. Intrigado, expúxolle a súa inquietude, días despois, a un amigo coruñés con quen se trasladou á mencionada taberna, cuxo propietario, nesta ocasión, agochaba “la figureta”, entre trapos, nun armario. Resultou o que sospeitaba o mozo coruñés: era a figura de Castelao, do que nada sabía Salvat. A primeira noticia ofrécella o amigo: “Murió, no hace mucho, en Buenos Aires”. Del recibe a primeira lección:

³ No volume, que eu coordinei, *Homenaxe multinacional a Castelao*, Madrid, Akal Editor, colección Arealongiña, 1976, pp. 44-50. Reproducido no volume de R.S. *Escrits per al teatro*, Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona, 1988, pp. 103-106.

Tot tornant cap a l'alberg aquell amic meu m'inicià a la figura i personalitat de Castelao. I des d'aleshores jo vaig anar demanant a tots els meus amics llibres del gran mestre (p. 50).

Desde 1962 foi o que algúns fixemos.

2. O NOSO ENCONTRO NA UNIÓN SOVIÉTICA (XULLO-AGOSTO DE 1962)

O propio Salvat contouno nun traballo no que evocaba a nosa relación durante 37 anos:

Conocí a Xesús Alonso Montero en 1962, en Moscú, en un magno Congreso Mundial de la Paz, o sea, del llamado World Peace Council (W.P.C.). Por tanto, hace 37 años que le conozco y, a lo largo de estos años, he estado en contacto con él en momentos tan difíciles como apasionantes, como lo fue, por ejemplo, el encuentro en la URSS (pp. 903).⁴

Foi un encontro clandestino. Sabido é que na ditadura de Franco o pasaporte español era “válido para todos los países del mundo excepto Rusia y países satélites”. En Moscova tamén coñecín a José Agustín Goytisolo e a Marcos Ana, comunista que estivera na cadea 23 anos (1939-1961). Eu era militante do Partido desde había dous meses e medio, pero Goytisolo e Salvat non militaban, eran “compañeiros de viaxe”. Falamos moito (de literatura e de política) durante o congreso, que inaugurou Kruschev cun longo discurso, e seguimos a falar nas nosas viaxes a Leningrado e a Kiev. Foi aquí onde visitamos o poeta ucraíno Nicolai Bajan, ó que Salvat e máis eu interrogamos minuciosamente sobre as literaturas non rusas da Unión Soviética. Alí, segundo Salvat, selouse a nosa amizade.

Salvat conxeniou con Enrique Líster, daquela presidente da Delegación española no Congreso da Paz; conxeniou tanto que, sen ser militante do Partido, colaborou con el, nestas actividades, antes e despois da morte de Franco.

3. A PRIMEIRA APROXIMACIÓN DE SALVAT A CASTELAO: 1966

Entre as grandes obras do noso amigo é de xustiza destacar o libro en dous volumes *El teatro contemporani* (Barcelona, Edicions 62, 1966), unha panorámica

⁴ “Momentos compartidos del largo trayecto de X.A.M. ”, en *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor X.A.M.*, Universidade de Santiago de Compostela, 1999, vol. I, pp. 903-16.

do teatro mundial inexistente, entón, en ningunha lingua da Península. No volume II figura, por primeira vez nun estudo destas características, un capítulo dedicado ó teatro galego (pp. 274-77), centrado en gran parte no comentario de *Os vellos non deben de namorarse*, a única obra teatral de Castelao. Basilio Losada transmítelle a Ramón Piñeiro a súa impresión nestes termos:

Tamén vexo nun libro recente –*El teatro contemporani*, de Ricard Salvat– un capítulo dedicado ó teatro galego, concretamente a Castelao. Non sei quen informaría ó tal Salvat. No testo cita a Rabanal e a Alonso Montero: as fontes non poden ser máis diverxentes. Salvat é un experto e prestixioso director teatral, perito en Brecht, de quen leva montadas varias obras, a derradeira *La bona persona de Se-Zuan* con verdadeiro éxito. A valoración que fai de *Os vellos*...é excelente, aínda que a súa falta de información –que reconece– empece a debida perspetiva do capítulo. Por exemplo de Cunqueiro sólo fai unha cita...(24-1-1967).⁵

Nese capítulo Salvat refírese a min con estas palabras:

Ens diu l'escritor gallec X.A.M. que l'obra de Castelao és profundament gallega i que la seva visió de Galicia posà sempre en relleu la Galícia miserable i sofrerta, enfront del “señoritismo”, que detestava [...] L'interès per la terra gallega va en Castelao unit al seu interès social pel seu poble, canta cap més realista i compromès amb la seva terra i els seus homes... (p. 276).

Quizais ten en conta ó escribir este parágrafo o meu prólogo á primeira reedición de *Retrincos* (Lugo, Celta, 1962).

Por carta de Basilio Losada a Piñeiro (29-5-1966) sei que Salvat enviou a súa adhesión á magna homenaxe tributada en Ourense a Celso Emilio Ferreiro o 15 de maio dese ano, e con el, Pere Quart, Salvador Espriu, Maria Aurèlia Capmany...(p. 524). Confeso que, aínda sendo eu un dos organizadores daquel acto, non recordo que se lesen no banquete estas adhesións.

4. SALVAT E MAIS EU NUNHA EDICIÓN POLILINGÜE (TETRALINGÜE): 1968

Nese ano, o poeta vasco Gabriel Aresti (1933-1975) publicou *14 fábulas* de

⁵ *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*, Vigo, Galaxia, 2002, p. 559.

Tomás Meabe (Bilbao, 1880-Madrid, 1915) non só na lingua literaria do escritor, senón tamén en éuscara (tradución do propio Aresti), en galego (tradución miña) e en catalán (tradución de R.S.). O volume, ilustrado por Dionisio Blanco, pertencía á editorial Kriselu (Bilbao), que dirixía e xestionaba o poeta vasco, daquela moi celebrado polo seu libro *Harri eta Herri (Pedra e Pobo)*.

Desde o meu punto de vista, do que se trataba era de facerlles ver ós “curiosos lectores” que en España existían catro idiomas literarios, coñecido o cal, algúns, os máis esixentes, suxerirían onde fose que os tres idiomas non oficiais deberían ser suxeitos de dereitos. A partir desta data (1968), Salvat colaborará en varias empresas tetralingües, coordinadas en Galicia por min (tamén Aresti).

5. NOVA APROXIMACIÓN A CASTELAO: SALVAT, MÁRTIR DO TEATRO GALEGO NO PORTUGAL SALAZARISTA (1969)

A finais de 1968, Salvat foi contratado, para dirixir teatro, polo Círculo de Iniciação Teatral da Academia de Coimbra (CITAC), o que o vinculou moi estreitamente a algúns estudantes daquela universidade, entusiastas da causa teatral e, tamén, da causa democrática, entusiasmo moi vixiado, entón, pola policía de Marcelo Caetano, digno sucesor de Oliveira Salazar. Con algúns destes universitarios portugueses visitoume en Lugo para que os “asesorase” en Castelao por se montaban *Os vellos*. Tivemos unha longa discusión sobre se debería ofrecerse en versión portuguesa ou en galego, o meu punto de vista en principio. Pasado algún tempo, Salvat optou por realizar un tipo de espectáculo no que era un mestre desde que montara un sobre *Adrián Gual y su tiempo*. Non tardou en ensaiar, cos universitarios de Coimbra, *Castelao e a sua época*, espectáculo que contiña textos do escritor galego (especialmente de *Os vellos*) e textos, tamén en portugués, doutros autores galegos. Na carta do 28 de decembro de 1969 comunicábame, ó respecto, estes datos:

- La traducción se hizo en colectivo (C.I.T.A.C.). Los poemas más difíciles los tradujeron José Niza y João Rodrigues (y Manuel Simões).
- La música era de José Niza Mendes. Se cantaban:
 - “Negra sombra” (Rosalía).
 - “Quando no silencio das noites de luar” (Curros).
 - “Adeus ríos, adeus fontes”.

- Las poesías sociales y populares que tú mandaste... (7 u 8 quartetas).⁶
 - “Este parte, aquele parte” (Rosalía).
 - “Madrigal á cidade de Santiago” (Lorca).
 - Popular cubana (recogida vía oral por un servidor).
 - Dos cuplets de Salvador Espriu y un servidor.
 - Una canción de guerra de S. Espriu y un servidor.
 - “Canção do rapas da loja” (Lorca).
 - Canciones de *Os Vellos*: un total de unas doce canciones.
- En la parte plástica colaboraron João Botelho, el arquitecto que tu conociste⁷ –no me puedo acordar de su nombre– y, claro está, Seoane. Realizaron los antes mencionados con alumnos de la Escuela de Bellas Artes.

Posto que nunca se publicou esta obra, considero importante reproducir esta carta de Salvat con indicacións sobre o seu contido. Debo aclarar que, polo que lembro da obra, son indicacións algo incompletas. Cónstame que Salvat empregou bastantes textos dun clásico popular galego: o *Catecismo do labrego* (1888).

Foi Alberto Míguez (procesado “por culpa” de Castelao)⁸ quen puxo en contacto a Salvat con dous artistas plásticos non alleos ó teatro, Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo, os que se encargaron da escenografía e dos figurinos da obra. O propio Salvat contou esta colaboración nun importante artigo: “De cómo dos pintores gallegos me ayudaron a encontrar un camino”.⁹

Estaba previsto que *Castelao e a sua época* se estrease na Universidade de Coimbra o 18 de maio de 1969, pero a obra non só foi prohibida, senón que o 23, ás “set del matí, set membros de la PIDE van venir a la meva casa...i mi obligaren a acompañar-los fins la frontera espanyola, om em deixarem”, co posto –engado eu– a el, a Núria Galobardes, a súa dona, e a Neus, a filla de dous anos.

⁶ Refírese ao opúsculo *Cántigas sociais recollidas do pobo*, Vigo, Castrelos, Col. O Moucho, 1969 (edición, prólogo e notas de X. Alonso Montero).

⁷ Trátase de Armando Alves Martins (Coimbra).

⁸ Foi condenado polo Tribunal de Orden Público polo feito de publicar unha antoloxía de textos con este título: *El pensamiento político de Castelao*. Foi editado, en París, pola editorial Ruedo Ibérico, especialmente odiada por Fraga Iribarne, Ministro de Información e Turismo nestas datas. A Míguez defendeuno o avogado e escritor galego Valentín Paz-Andrade.

⁹ *La Voz de Galicia*, A Coruña, 11-2-1972.

Este e outros episodios, algúns policiais, son relatados por Salvat no traballo “La meva escenificació d’*Os vellos non deben namorarse*, d’Alfonso R. Castelao”, recollido no seu libro *Els meus muntatges teatrals* (1971).

Debo engadir que, uns días antes do 18 de maio, pronunciei na Universidade de Coimbra unha “Introdución a Castelao” que os organizadores consideraban indispensable -ou moi conveniente- para os universitarios coimbraos. Pese a que a Universidade estaba totalmente cercada polos policías de uniforme, moitos deles con cans que me pareceron ferozes, asistiron á miña conferencia centenaes de estudantes. Salvat cualificou a miña intervención sobre Castelao e a cultura galega de “admirable”. Debo aclarar que el non estivo entre os asistentes, pois, a esa hora da tarde, atopábase en Lisboa, con algúns dos responsables da actividade teatral, mendigando ante as autoridades educativas unhas partículas de liberdade para o seu traballo. Foi inútil. Unhas horas despois, case con nocturnidade, a policía portuguesa expulsaba abruptamente do país a familia Salvat.

É de xustiza ampliar este “capítulo” pois desde 2011 posúo un exemplar (mecanoscrito) dunha tese de mestrado lida nese ano polo profesor galego Antonio Iglesias Mira co título *Castelao e a súa época na Coimbra de 1969*. O profesor Iglesias Mira presentou o seu traballo en portugués na Universidade do Algarve na especialidade de Teatro e Intervención Social e Cultural. Debo aclarar que no exemplar co que me agasallou o autor (139 páxinas) non figuran os anexos documentais, entre eles, o 16, o último que acollería o texto do espectáculo prohibido, *Castelao e a súa época*, procedente da Torre do Tombo (Lisboa). Tres son as versións do texto do espectáculo atopadas pola dilixencia do profesor galego: a obrante no Institut del Teatre (Barcelona), a do arquivo persoal de José Niza e a existente na Torre do Tombo, que procede dos arquivos da Policía Internacional e de Defensa do Estado, a terrorífica PIDE (trátase do Processo 1/8868). Esta é a versión sobre a que máis se debruza Iglesias Mira pois contén “marcas do lápis azul dos censores, que assinalan os fragmentos dudosos ou directamente prohibidos”. Contén, ademais, a “correspondência oficial entre o grupo e os servizos da censura” (p. 73).

O profesor galego estuda polo miúdo a actividade de Salvat na Universidade de Coimbra, desde que chega o 18 de novembro de 1968, coa muller, Núria, e coa filla, Neus (de ano e medio), ata que a PIDE o expulsa, á brava, o 23 de maio de 1969. Nos primeiros meses, Salvat explicou un curso de historia do

teatro, con moito éxito de público, e montou un espectáculo brechtiano do que se fixeron varias representacións semiclandestinas.

A tese de mestrado de Iglesias Mira tamén ofrece noticias moi valiosas sobre os escenógrafos galegos, Seoane e Díaz Pardo, e sobre unha coreógrafa rusa, Marina Noreg, digna de protagonizar, por outros episodios da súa vida, un relato policial. Fora espía nazi!

Sobre o comportamento da censura salazarista, o autor deste documentadísimo traballo achega datos moi significativos. Os censores portugueses eran implacables con calquera manifestación anticlerical, incluso con esta cántiga popular que eu acababa de publicar nunha editorial viguesa, Castrelos:

Preguiceiros do convento,
aprendede a traballar,
que o pan do kirieleisón
sempre non ha de durar.

Para completar o capítulo portugués de Salvat, cómpre ter en conta o texto seu que figura no opúsculo *Figurins i decorats de Luis Seoane per a "Castelao e a sua epoca" de Ricard Salvat*, publicado co gallo dunha mostra gráfico-bibliográfica e documental sobre Castelao no Palace Moja de Barcelona (Gráficas do Castro, 1984).

6. LOPE DE VEGA RELACIONA EN BARCELONA A SALVAT CON EDUARDO BLANCO-AMOR: 1970-1971

Nunha carta de Basilio Losada a Ramón Piñeiro (26-3-1971), lemos:

Tamén hoxe o Blanco-Amor, incorporado ao equipo de Ricard Salvat –e ao Teatro Nacional de Barcelona– estrena unha adaptación de *El caballero de Olmedo*. Pódelle dar algúns cartos. Sei que andaba un pouco escorado economicamente. Eu presenteille a Salvat e ligaron ben, no senso profesional –claro– e poden facer boas cousas (p. 851).

Cónstame que Salvat, moi consciente da precariedade económica de Blanco-Amor, non só remunerou axeitadamente o seu traballo, senón que lle proporcionou teito gratuito nun apartamento-biblioteca da súa propiedade. Convén aclarar que o escritor galego non só fixo a adaptación da obra de Lope de Vega (*El Caballero de Olmedo*), senón que colaborou con Salvat noutras tarefas, no-

meadamente como “profesor de dicción”, unha das facetas de quen foi un gran orador e un profesor de oradores. Salvat, moi sensible á valía daquel galego polifacético que acababa de descubrir, interesouse polo seu teatro e publicou un longo artigo que titulou “Las maravillosas farsas para títeres de Eduardo Blanco Amor”.¹⁰ Na parte final, o artigo convértese en entrevista na que Blanco-Amor, ademais de falar de Valle-Inclán, fai unha aguda incursión na realidade teatral galega, con observacións como estas: “Nosotros no tenemos, como ustedes, tradición de gallego culto de ciudad. Culturalmente el gallego no ha sido, hasta ahora, una lengua de necesidad entre nosotros”.

Valleinclanescos, ó seu xeito, era José Ruibal (1925-1999), interesante e orixinal dramaturgo (case sempre en castelán) a quen Salvat lle dedicou varios artigos na súa sección do xornal barcelonés *Tele/eXprés*. Titulábase a sección El gran teatro del mundo de hoy, e nela publicou, arredor de 1970, dous artigos sobre a actividade teatral galega daquelas datas: “Notas sobre el teatro gallego actual” e “El Teatro-Circo de La Coruña”. Este artigo é unha homenaxe, dalgún xeito, ó labor de Manuel Lourenzo, a quen Salvat estimaba moito como home de teatro (autor, actor, director...). Salvat, nestes dous artigos, era a primeira voz con *auctoritas* que daba noticia precisa da actualidade teatral galega en Cataluña (e en España).

7. SALVAT EN LUGO: SALVADOR ESPRIU E CASTELAO

En maio de 1970, Ricard Salvat viaxou a Lugo, invitado polo Club Cultural Valle-Inclán, para falar de teatro. Finalizada a conferencia, un grupo de amigos de Salvat e algúns directivos do club redactamos unha carta a Salvador Espriu felicitándoo, efusivamente, polo Premio Montaigne que acababa de concederlle a Fundación Hamburgo. Espriu, sempre tan exquisito, contestounos cunha carta digna de exhumarse, e eu fíxeno nun artigo meu publicado na revista do seu Centre de Documentació i Estudi.¹¹ Nela emite esta opinión sobre o noso amigo: “Saludin de part meva a Ricard Salvat: és un home tan important com excel·lent”.

Lémbrese que a dramaturxia de Salvat estaba ó servizo da obra literaria de Espriu desde 1965, data na que estreou o espectáculo *Ronda de mort a Sinera*. Foi Salvat quen, desde había algún tempo, estaba solicitando, unha e outra vez

¹⁰ *Tele/eXprés*, Barcelona, 29-12-1970.

¹¹ “Mi relación intelectual con S.E.”, *Indesinenter. Anuari Espriu*, Arenys de Mar, nº 2, 2007, pp. 89-90.

de Espriu, que traducira ó catalán *Os vellos*, de Castelao. Na carta citada (23-6-1970), puntualízanos:

Traduiré *Os vellos*..., però els prego que tinguin paciència. Estic molt condicionat per l'excessiu treball y per la meva mala salut.

A conferencia de Salvat, sobre “El teatro, barómetro cultural de los pueblos”, foi obxecto dunha recensión na edición luguesa de *La Voz de Galicia*, recensión á que acompaña unha foto na que aparecemos, no café Centro (Lugo), o conferenciante, o pintor Luis G. Pacios, os meus dous fillos varóns (Emilio e Jesús) e mais eu.

Salvat volveu a Lugo, como conferenciante, en 1972, e tamén nesa ocasión lle enviamos unha carta colectiva a Espriu que el contestou nestes termos:

Senyors

Emilia, Amparo, María, Dr. Xesús Alonso Montero i Ricard Salvat. Lugo.

Molt estimats amics:

M'han donat una gran alegría en escriure'm en la bellísima i tan il-lustre llengua gallega, la seva postal, que agraeixo de debò. Els contesto en la meva parla catalana, que sé que vostés entenen perfectament.

Desitjo que pugui'm realitzar amb un èxit esclatant els seus projectes sobre *Ronda*. Desitjo, encara més, tota mena de prosperitats i felicitats per a Galicia i el seu admirable poble, ara, en el pròxim esdevenidor i per sempre.

Una fraternal abraçada del seu afino.

8. CON VALLE-INCLÁN E ISAAC DÍAZ PARDO EN BARCELONA: 1972

O 23 de xuño deste ano, Salvat estrea, coa Compañía Nacional Ángel Guimerá, dúas pezas de Valle: *Ligazón* e *El Embrujado*. Contou, como escenógrafo e figurinista, unha vez máis coa colaboración de Isaac Díaz Pardo, especialmente valiosa –opino– na segunda peza, que “es una tragedia de tierras del Salnés”. Díaz Pardo levou á plástica da obra o *humus* galego das persoas e das cousas, como outrora (en 1933) fixera o artista plástico Castelao na estrea (Madrid) de *Divinas palabras*.

En 1972 asiste no Centro Galego de Barcelona a unha conferencia de Xosé Neira Vilas que lle pareceu “una persona de alta categoría a todos los niveles”. Na mesma carta comunícame esta sorprendente nova:

Estoy viajando mucho en estos últimos tiempos. Estuve en la Sorbona en las “Jornadas Internacionales Universitarias sobre Teatro Gallego”. Como no había nadie de Galicia, yo hice una amplia información sobre lo que estáis realizando y sobre el teatro gallego en general. Creo que quedó bien (15-12-1972).

9. NO XURADO DO PRIMEIRO CERTAME DE TEATRO GALEGO (RIBADAVIA, MAIO, 1973)

Xa é un tópico afirmar que Ribadavia (Ourense) foi a capital do teatro galego, desde este ano, durante moito tempo, non só pola actividade teatral (representacións e debates) protagonizada por moitos e moi distintos grupos (“mostras de teatro”), senón polo certame de textos teatrais, que tanto contribuíron a descubrir ou consolidar autores. Existe unha magnífica monografía sobre esta actividade teatral promovida pola Asociación Cultural Abrente: *Un abrente cultural. As Mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia* (Galaxia, 2002). As súas autoras, Inma López Silva e Dolores Vilavedra, inician o capítulo dedicado ó certame de textos con estas palabras:

... o único requisito esixido polas bases do Concurso era que os textos, ademais de seren inéditos, estivesen en galego. O xurado estivo composto por: Xesús Alonso Montero, o profesor catalán de historia do teatro Ricard Salvat, o dramaturgo Manuel Lourenzo, Xesús Sánchez Orriols *Chucho*—mecenas de Abrente e promotor incansable da vida cultural ribadaviense— e Rodolfo López Veiga (o histórico director da agrupación coral e teatral santiaguesa *Cantigas e Agarimos*), quen estaba convidado pero non puido asistir (p. 145).

Supoño que foi Sánchez Orriols, que posuía unha espléndida biblioteca teatral, quen suxeriu o nome de Ricard Salvat, consciente da relevancia da súa personalidade e do prestixio que lle conferiría ó xurado e á aventura teatral que se inauguraba. A experiencia ribadaviense do 16 de maio de 1973 (véspera do Día das Letras Galegas), data da resolución do xurado, relacionou, aínda máis, a Ricard Salvat co teatro galego e os seus autores. En calquera caso, é significativo que un home de teatro extragalego estivese presente na primeira actividade do acontecer ribadaviense, clave, sen dúbida, na historia do teatro galego contemporáneo.

10. 1974: ANNUS MIRABILIS NA BIOGRAFÍA GALEGA DE RICARD SALVAT

En maio deste ano, publiquei, na colección Arealonga, que eu dirixía (en Akal

Editor, Madrid), o volume *Encuesta mundial sobre la lengua y cultura gallegas y otras áreas conflictivas: Cataluña, Puerto Rico, etc.*, volume que recolle as consideracións, suscitadas por un cuestionario meu, de 36 intelectuais extragalegos, entre eles, José Luis Abellán, Margot Arce, Carlos Barral, Castilla del Pino, Salvador Espriu, Guy Heraud, Anne Marie Morris, Manuel Sanchís Guarner, Alfonso Sastre, Hans Schneider, Antonio Tovar e Francesc Vallverdú. Son admirables as seis páxinas de Salvat nas que fala de intelectuais e de cuestións que coñecía moi ben: de Pasolini, de Fanon, da alta burguesía galega... De Castelao (sempre Castelao!) dinos:

... fue el intelectual gallego, y aún diría más, el intelectual español que se adelantó una generación a su época. El fue el primero que comprendió que había que eliminar el vacío existente entre la cultura burguesa y el pueblo. Mi admiración por él es tan grande que creo que su camino, junto al de Machado y Valle-Inclán, son los más ricos, estéticamente y éticamente, de todos los países de Iberia. ¹²

No verán de 1974, asistín á Universitat d'Estiu en Prada, foro que, por estar en territorio francés, permitía unha liberdade de expresión moi superior á existente nos foros análogos de España. A miña conferencia sobre o compromiso de Castelao presentouna Salvat, quen dirixiu, coa súa pericia habitual, o animado coloquio posterior. Lembro moi ben que, un día despois, fomos a Perpiñán para ver a película máis desexada polas xentes hispanas con algunha inquietude cultural (e erótica): *El último tango en París*, protagonizada por Marlon Brando e María Schneider. Á volta, Núrria, a muller de Ricard, fíxonos unha foto na tumba de Pompeu Fabra, en Prada de Conflent, onde o ilustre lingüista faleceu en 1948.

Polas mesmas datas (xullo de 1974), a editorial Júcar (Madrid) editou o álbum *Nós*, de Castelao, edición que eu prologuei e coordinei. Nesta edición, os pés en galego das cincuenta estampas aparecen tamén nas outras tres linguas españolas: en castelán (tradución de Antonio Buero Vallejo), éuscaro (Gabriel Aresti) e catalán (Ricard Salvat).

Algo despois (outubro de 1974), publiquei un importantísimo poemario galego en edición tetralingüe: os *Seis poemas galegos* (1935) de Federico García Lorca. Era o número 1 da colección de “libros roxos” Arealonguiña, que eu

¹² Da *Encuesta* hai edición facsímile, cun novo prólogo (meu tamén), de Alvarellos Editora (Santiago, 2008).

dirixía, como Arealonga, en Akal Editor (Madrid). Colaboran de novo Aresti e Salvat; a tradución castelá foi do gran escritor lugués Ánxel Fole.

Salvat, no seu día, comunicoume en carta¹³ que, feita a tradución catalá dos *Seis poemas galegos*, someteu a súa versión ó criterio da súa amiga Marta Pessarrodona, escritora moi considerada nas letras catalás nos campos da creación poética e da tradución.

Canto ó poema 5º, “Cançó de bressol per a Rosalía Castro, morta”, reproducícese nun volume moi posterior: *Manuel Curros Enríquez e Federico García Lorca cantan en vinte linguas a Rosalía de Castro/Manuel Curros Enríquez et Federico García Lorca Rosaliam de Castro viginti linguis celebrant*, Patronato Rosalía de Castro, 1994.

Debo aclarar que, antes de 1974, eu instei a Salvat a que traducira un texto ó catalán. Foi en 1971, e tratábase dun texto en castelán que os organizadores dunha exposición filolóxica queríamos mostrar, nun panel, nas cinco linguas da Península Ibérica: galego (Ánxel Fole), catalán (Ricard Salvat), éuscaro (Juan San Martín) e portugués (Pilar Vázquez Cuesta). O texto, moi breve, era un texto cervantino: as palabras proferidas por Sancho Panza cando dimite como gobernador da Ínsula Barataria:

... desnudo nací, desnudo me hallo, ni pierdo ni gano, quiero decir, que sin blanca entré en este gobierno, y sin ella salgo, bien al revés de cómo suelen salir los gobernadores de otras ínsulas (*Quijote*, II, 53).

Na tradución de Salvat reza:

... vaig néixer nu, nu em trobo, ni perdo ni guanyo res; vull dir, que sense un clau vaig entrar en aquest govern, i sense un clau en surto, ben a l'inrevés de com solen sortir-ne els governadors d'altres illes...¹⁴

A fins de 1974, Luís Seoane debuxou a “Figuración” que publicou, semanas despois, na súa sección de *La Voz de Galicia* (2-2-1975). No texto, onde o consi-

¹³ Sinto non reproducir o parágrafo pertinente: a carta non aparece, entre os meus papeis, na carpeta oportuna.

¹⁴ A versión catalá (coas outras catro) figuraba no correspondente panel da Mostra e tamén no folleto *Exposición de Lingüística Hispánica*, Instituto Masculino de Lugo, 1971. En decembro deste ano feli-citei o novo ano cun tarxetón que contiña o texto cervantino nos catro idiomas de España.

dera “un dos máis importantes directores teatrais da Península”, ofrécenos unha información que contradí, en parte, a que ofrecemos no apartado 5:

Foi Director do Teatro Universitario de Coimbra, onde ensaiou a representación dunha obra súa, *Castelao e a súa época* e *Os vellos non deben de namorarse*, con decorados, figurís, caretas e afiche meus, que por razóns políticas non puido entón ser representada publicamente.

No catálogo *Ricard Salvat e la seva época* (Ajuntament de Barcelona, 2004, p. 87) a ficha técnica consigna que a escenografía e o figurinismo fora obra de Seoane e Díaz Pardo.

Na “Figuración” de Luís Seoane, o retrato de Salvat, coma o resto dos retratos, uns douscentos, vai ilustrado cunha noticia biobibliográfica moi característica do autor e moi caracterizadora do retratado. Comeza a noticia con estas palabras: “É un dos máis importantes directores teatrais da península...”. Finalízase con este xuízo: “Ricard Salvat sabe moi ben, como sabía Bertolt Brecht, que o máis sinxelo é o máis difícil; tamén o proba, o que fixo deica agora, que o teatro fai historia”.

Co gallo da morte de Seoane, Salvat escribiu un artigo en termos emotivos e de admiración (“Homenatge a Luís Seoane”, *Treball*, Barcelona, 26-7-1979). Nel manifestaba o desexo de que as súas obras (*A soldadeira* e *El irlandés astrólogo*) fosen representadas pola Escola Dramática Galega, que orientaba Manuel Lourenzo.

11. NO AUDITORIO DE SARGADELOS, SALVAT OFRECE UNHA ESTREA MUNDIAL: 1980

Ricard Salvat segue moi vinculado a Isaac Díaz Pardo, quen acaba de ofrecerlle o auditorio de Sargadelos, que era, naqueles anos, non só un escenario de propostas cerámicas (o esperable de quen dirixía a emblemática fábrica), senón tamén o escenario de importantes propostas literarias, artísticas, teatrais. No auditorio, a actriz Carla Cristi ofreceunos un monólogo (sen palabras) *Música només para vosté*, do dramaturgo alemán Frenz-Xaver Kroetz, que montou e dirixiu Salvat. Para min esa experiencia teatral foi extraordinaria. Contéina na miña sección de *Faro de Vigo* co título “6 de agosto de 1980: a noite na que Carla Cristi se suicidou en Sargadelos” (15-8-1980).

Días antes publicara no mesmo xornal “Ricard Salvat na universidade de verán de Sargadelos” (1-8-1980),¹⁵ título nada improcedente para os que coñecen a actividade cultural de Sargadelos, naqueles anos, no mes de agosto. Neses días falouse de teatro e non pouco: Salvat, Díaz Pardo, Manuel Lourenzo, Carme Beltrán, eu... Xa non estaba nestes coloquios, co seu inmenso saber e o seu entusiasmo, Luís Seoane, finado o ano anterior.

Nestes anos, Salvat dirixiu o Festival Internacional de Teatre de Sitges, que acolleu con entusiasmo a non poucos grupos galegos. Na edición de 1979, Salvat, tan atento ó acontecer literario galego, organizou unha homenaxe ó poeta Celso E. Ferreiro, pouco despois do seu pasamento.

12. SALVAT TRADUCE A *OPERA OMNIA* DO POETA MEDIEVAL MARTÍN CÓDAX: 1983

A finais deste ano, o Colexio Universitario de Vigo, onde eu era profesor de Literatura Española, publicou *Homenaxe a Martín Codax* que difería, notablemente, doutras homenaxes tributadas ó gran poeta vigués do século XIII. Martín Codax, autor de sete cantigas de amigo que constitúen unha especie de breve novela de amor, ofrecíase, neste volume, en oito idiomas: castelán, galego moderno, catalán, éuscaro, francés, italiano, inglés e alemán. Foi Salvat o tradutor catalán, tradución que lle creou algúns problemas. En carta comunicoume:

Aquí va la traducción, que no me ha sido fácil. Como verás, el número 6 lo he dejado en la versión del narrador. Si tú crees oportuno añadir el “yo”, como has hecho en castellano, en tus manos lo dejo, aunque a mí me gusta más el tono ambiguo que posee el original. Respecto al quinto, que ha sido para mí el más difícil, he dado una lectura quizá más malintencionada de la que das en la versión castellana. De todas formas, si crees que me he permitido demasiadas libertades, llámame y lo comentamos (2-11-1983).

Non o chamei. Canto á versión castelá por el citada, non é miña, mellor dito, non o é na súa totalidade. Elaboreina, en varios seminarios, con catro alumnos de terceiro curso de Filoloxía: Xosé M. Fernández González, Marisol

¹⁵ Ambos os artigos reproducinos no meu libro: *Escritores: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados...*, Ediciós do Castro, 1981, pp. 349-57.

Fernández Montoto, Xosé Troitiño Fraiz e Cristina Velázquez Toepfer. A partir deste traballo, os dous primeiros realizaron a versión inglesa, Xosé Troitiño, a francesa, e Cristina, a alemá.

O volume contiña tamén varios traballos críticos e algunhas notas eruditas de especialistas en lírica medieval galego-portuguesa (Arcadio López Casanova, Martín de Riquer...). Ricard Salvat estaba moi orgulloso da súa colaboración, consciente de que, coa súa versión, contribuíu á difusión, por terras de lingua catalá, dunha das voces máis importantes e turbadoras do Parnaso medieval europeo.

Por estas datas, visita a Salvat, en Barcelona, o profesor Modesto Hermida, que andaba á procura de datos para *As revistas literarias en Galicia na II República*, libro que publicaría no ano 1987, en Edición do Castro, cun prólogo meu. Por Modesto Hermida, Salvat coñeceu as pezas teatrais de Cándido Fernández Mazas (1902-1942), que lle interesaron.

13. DE NOVO, CASTELAO: VIGO, 1986

Era o centenario do nacemento do gran escritor; eu organizei un ciclo de conferencias na Caixa de Aforros e entendín que non podía estar ausente a voz sabia e comprometida de Ricard Salvat. O 4 de abril dese ano ofreceunos unha lección máis: “La única obra teatral de Castelao”. Recóllese en catalán no volume xa citado, *Escrits per al teatre* (pp. 103-111).

Faro de Vigo reproduciu o guión da conferencia de Salvat que figuraba no correspondente programa de man. Era este:

Castelao y el teatro

1. Castelao y los orígenes del teatro nacional gallego.
2. Aportaciones de Castelao al teatro realista peninsular.
3. Castelao, puente del diálogo entre España y Portugal.
4. Experiencias escenográficas de Castelao.
5. Estudio de algunas puestas en escena de *Os vellos...*: Buenos Aires, Coimbra, Madrid, A Coruña.
6. Mi montaje de *Os vellos...*
7. *Castelao e a sua época* en la Unversidad de Coimbra.
8. Nuestro trabajo teatral: una colaboración esencial (Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo, Eduardo Blanco Amor, Manuel Lourenzo...).
9. Otras consideraciones.

No programa anunciábase que no acto pronunciaría unhas palabras Maruxa Villanueva, actriz que, en Buenos Aires (1947), na estrea da obra, fixo os papeis de Lela e Micaela. Un día despois da conferencia, acompañei a Salvat na súa visita á Casa de Rosalía (Padrón), onde Maruxa Villanueva cantou para nós as cancións que ela interpretara naquela estrea.

Na páxina de *Faro de Vigo*, eu publicaba un artigo titulado “Salvat e o teatro galego”, no que, no meu afán de presentar o conferenciante do día na súa verdadeira estatura, reproducía un xuízo do crítico G.E. Wellwarth: “... paréceme o home con coñecemento máis fondo da práctica e da teoría teatrais de toda España”.

14. SALVAT E BERTOLT BRECHT NO MUSEO CARLOS MASIDE (O CASTRO DE OSEDO, A CORUÑA): 1988

Co fondo documental e iconográfico do propio Salvat, tan rico en fotografías, carteis e documentos sobre Brecht e o seu teatro, o Museo Carlos Maside ofrece unha exposición con ocasión do nonaséximo aniversario do nacemento do gran dramaturgo alemán. Por eses días, Ediciós do Castro, dirixida por Isaac Díaz Pardo, publicou un libro de Salvat co título *Bertolt Brecht no 90 aniversario do seu nacemento*, volume que recolle traballos e artigos do noso amigo dados a coñecer entre 1956 e 1988. No prólogo, Díaz Pardo resalta que Salvat “foi tamén o introductor do coñecemento de Brecht na España”.

Que foi un pioneiro, demóstrao o primeiro traballo do libro, “A manera de introducción a B.B. y su revolucionaria manera de entender el hecho teatral”, conferencia lida, a fins de 1956, como traballo de curso, na cátedra de Estética do profesor José M.^a Valverde (Universidade de Barcelona).

Trátase, sen dúbida, dunha homenaxe ó revolucionario dramaturgo alemán, pero, para aqueles que coñecemos a Isaac Díaz Pardo, é tamén unha homenaxe a Ricard Salvat, a unha das grandes dimensións do home de teatro que foi Ricard Salvat: a de quen introduciu e consolidou a obra teatral de Brecht en España. Galicia, da man de Díaz Pardo, adiantábase á mesma Cataluña, tan parca en recoñecementos a quen levou o nome do teatro catalán a foros e escenarios de Europa e América moi relevantes.

15. PALABRAS DE RICARD SALVAT PARA ISAAC DÍAZ PARDO: 1990

O Concello de Santiago ideou e realizou o primeiro gran recoñecemento que Galicia fixo a Díaz Pardo, recoñecemento que cristalizou nun monumental

volume titulado *Isaac Díaz Pardo. Un proxecto socio-cultural para Galicia* (1990). Prologa o volume Xerardo Estévez, arquitecto e alcalde de Compostela, en realidade o pai da idea. Entre os dezanove colaboradores figura quen non podía estar ausente: Ricard Salvat. O seu traballo, “Aproximación a Isaac Díaz Pardo”, é un documento, en boa parte, autobiográfico. Son páxinas de quen evoca, agradecido, os encontros con Díaz Pardo, algúns dos cales foran tan frutíferos para a definición e a difusión de Castelao e Valle-Inclán. Como sucede nas páxinas doutros colaboradores, non omite Salvat, ó referirse a Díaz Pardo, a súa condición cívica. “Esta, su lección de civismo unida a sus infinitas aportaciones estéticas, convierte a Isaac en una de las personalidades más fascinantes, originales y arriesgadas no ya de Galicia sino de toda la Península Ibérica”.

16. A GRAN CITA DE SALVAT CON ÁLVARO CUNQUEIRO: 1991

En setembro deste ano, Mondoñedo, a súa cidade natal, acolleu un magno congreso cuxas actas publicou, dous anos despois, a Xunta de Galicia co título *Congreso Álvaro Cunqueiro*. O volume recolle a disertación de Salvat “Cunqueiro y el teatro europeo de su tiempo”, pronunciada o día 12 nunha sesión na que eu presentei o conferenciante. Debemos precisar que o mesmo texto, e co mesmo título, foi publicado dous anos antes no número 241 de *Primer Acto* (novembro/décembro de 1991), revista que, baixo a dirección de José Monleón, sempre estivo moi atenta ó acontecer teatral galego, incluso antes da morte de Franco. O número, en boa parte dedicado ó teatro de Cunqueiro,¹⁶ tamén ofrece, en tradución castelá de Xosé Cermeño, *O incerto señor don Hamlet*, a obra máis importante do dramaturgo galego.

En setembro de 1991, Salvat xa fora contratado polo Centro Dramático Galego (Santiago), dirixido polo profesor Luís Cochón Touriño, para montar o peculiar *Hamlet* de Cunqueiro. Estreouse con éxito en Compostela o 18 de outubro dese ano, e éxito obtivo a representación noutras localidades de Galicia. Da bibliografía suscitada por Salvat como director de *O incerto señor don Hamlet*, eu destacaría o artigo do crítico teatral Damián Villalaín “Ricard Salvat dirige *Don Hamlet* para el Centro Dramático Galego”, publicado no número citado de *Primer Acto* (pp. 57-59). Soubo extraer da obra –opina Villalaín–

¹⁶ Contén traballos, ademais do de Salvat, de Helena González, Dolores Vilavedra, X. Alonso Montero, Manuel Lourenzo, X. Cermeño, José Monleón, Damián Villalaín e do propio Cunqueiro.

“todo su potencial espectacular”, devolvéndolle a Cunqueiro a “categoría de escritor teatral, de dramaturgo eficaz no sólo en el texto sino también en los escenarios”.

Para a ocasión, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais publicou un moi coidado opúsculo coa ficha técnica da representación, ilustracións *ad hoc* e artigos ou noticias sobre Cunqueiro (Manuel Míguez), Ricard Salvat e os artistas que colaboraron na obra (Xaime Quessada, Acisclo Manzano, Isaac Díaz Pardo, Emilio Cao); tamén sobre os axudantes de dirección (Ánxeles Cuña e Roberto Vidal Bolaño).

17. EN BARCELONA, CO ESCRITOR “GALEGO” CARLES RIBA: 1993

Era este o ano do centenario do nacemento do gran poeta e tradutor catalán Carles Riba (1893-1959), autor, na súa xuventude, de dous poemarios en lingua galega dedicados a unha “noia” barcelonesa filla de galegos. Foi a súa musa e por ela aprendeu o galego (e non mal), e en galego escribiu os poemarios, inéditos ata 1987. Polos seus versos galegos tributámoslle unha homenaxe na Facultade de Filoloxía de Santiago en abril de 1993, data na que a editorial Galaxia (Vigo) publicou un volume, prologado e coordinado por min, co título *Carles Riba e Galicia*. Nel, ademais de ofrecer a edición coidada dos poemarios galegos, ofrecíase a biobibliografía completa de Riba: artigos, cartas, tradución catalá dos versos galegos, noticias sobre a súa viaxe a Galicia co motivo do III Congreso de Poesía... Salvat considerou tan importante o volume que decidiu presentalo, con non pouca solemnidade, na súa facultade de Barcelona, onde el desempeñaba a Càtedra d'Història del Teatre Català. O noso gran amigo deixounos esta versión do acto.

Alonso Montero quiso que el libro se presentara en el marco de nuestras clases de la Universidad y no en ninguno de los sitios habituales, usados para estos menesteres, por el Partido en el Poder. Según su elegante proceder fue un emotivo homenaje a nuestra labor en pro del diálogo Galicia-Catalunya durante tantos años. Puente de Diálogo del que ahora nadie parece querer acordarse, pero él sí. Y esta decisión suya fue muy reveladora, y la agradecemos.¹⁷

¹⁷ *Op. cit.*, en n. 4, pp. 970-71.

18. SALVAT EN BUDAPEST E EN SANTIAGO EN 1994 (E EN SARGADELOS NO ANO 1995)

A primeiros de febreiro de 1994, Salvat estreou no Teatro Nacional de Budapest *Az ember tragédiája* (*A traxedia do home*) do dramaturgo Imre Madách (1823-1864), obra cuxa montaxe sempre provocou grandes problemas. Contaba Salvat, para os aspectos plásticos, co concurso de Isaac Díaz Pardo, colaboración que se limitou a deseñar unhas ideas que realizou, *in situ*, Xosé Vizoso, non alleo ós criterios de Díaz Pardo, por traballar ao seu carón, como debuxante, nas Cerámicas de Sargadelos.

Coñezo unha recensión da obra, asinada por José Ollé (*Escena*, marzo, 1994), onde subliña que era moi pouco frecuente que un director catalán fose convidado a dirixir nun teatro nacional centroeuropeo; tamén se lamentaba de que unha personalidade como a de Salvat “no estreni amb una certa regularitat a casa nostra”.

Meses despois do seu éxito en Budapest, Salvat volveu a Santiago de Compostela, esta vez para intervir no xurado que concedeu o Premio de Teatro Xacobeo na súa segunda edición.

No verán de 1995, Salvat representa en castelán o seu espectáculo *La pell de brau*, sobre textos do gran poemario de Salvador Espriu. Foi no auditorio do complexo cerámico de Sargadelos dentro das actividades culturais e técnicas que cada verán tiñan lugar naquela factoría, que tamén era un obradoiro de ideas. O criterio e a man de Isaac Díaz Pardo estaban, de novo, con Ricard Salvat.

19. PREMIO ROSALÍA DE CASTRO DO PEN CLUBE DE GALICIA: 2002

Cada dous anos, esta institución concede ese galardón a catro escritores: un de lingua castelá, outro de lingua vasca, un terceiro de lingua catalá e o cuarto de lingua portuguesa. Na edición de 2002, foron premiados, respectivamente, Ernesto Sábato, Felipe Juaristi, Ricard Salvat e Nélida Piñón. Hai que recoñecer que o noso amigo non ía en mala compañía.

Hai un “precepto” tácito segundo o cal os premiados deben referirse, na súa alocución, aínda que sexa brevemente, á obra de Rosalía de Castro, e así o fixeron os galardoados no acto solemne da entrega do premio, no Salón Artesonado de Fonseca, o 2 de maio de 2002. Eses textos rosalianos foron editados nun opúsculo polo PEN Clube e reproducidos, algo despois, na *Revista de Estudos Rosalianos* (Padrón, nº. 2, pp. 55-74).

Na súa intervención, “A propòsit de Rosalía”, Salvat lembra o seu primeiro contacto coa nosa escritora, cando, alumno de bacharelato no Instituto de Tortosa, se atopou co seu nome e algúns dos seus versos no libro de texto de Ángel Lacalle, aínda que o profesor da materia “ens decía que els apartats de literatura catalana i gallega no calia ni llegar-los”. A consecuencia foi que “eren els capítols que llegia amb més interès i dilectació”. Na súa alocución tamén tivo unha lembranza para un dos seus traballos máis queridos, *Castelao e a súa época* (Coimbra, 1969), espectáculo que acolleu algúns poemas de Rosalía. Xa aquí, precisa: “El gran músic i poeta José Niza va posar música a aquests poemes i alguns els va després en disc”. Dou fe de que algúns versos de Rosalía (polo menos “Este vaise e aquel vaise”) conmovían na voz e na música do estudante de Medicina José Niza, anos despois deputado en Portugal polo Partido Socialista.

A revista *Citania* (*Artes, Letras y Espectáculos*), que dirixía en Santiago o dramaturgo Euloxio R. Ruibal (coa colaboración de M^a Antonia Pérez), aproveitou os días composteláns de Salvat para facernos unha entrevista a el, a Isaac Díaz Pardo e a min. Foi unha entrevista memorable, guiada coa man sabia pola xove Inma López Silva, hoxe xa unha autoridade en cuestións teatrais galegas e non galegas. No número 4 de *Citania* (primavera/verán, 2003), a xove profesora presenta deste xeito os “tres persoeiros da Cultura”:

Xesús Alonso Montero, Ricard Salvat, Isaac Díaz Pardo. Tres amigos de tempos pasados, que se remontan a días, sen dúbida, máis difíciles. Os tempos cando Díaz Pardo estaba en América, cando Alonso Montero era quizais o mozo máis rebelde de cantos se viron e se ven, ou de cando Ricard Salvat corría dun lado a outro do mundo, levando a palabra de Brecht de escenario en escenario, ou soñando tempos de paz en Moscova, 1962... Homes dos tempos en que posuír o don das mentes lúcidas, era un exercicio de rebeldía. Definámoslos, parafraseando a Alonso Montero, cun pleonasma hiperbólico: intelectual de esquerdas.

No extenso coloquio, moi ben recollido e “editado” por Inma López Silva, fálase de capitalismo, da universidade, dos medios de comunicación, das nacionalidades históricas e do teatro, tema este no que resplandecían as palabras de Ricard Salvat. Tamén falamos do noso primeiro encontro, en Moscova, en xullo de 1962.

20. SALVAT, LÍSTER, O CINE... E FINAL

En setembro do 2006, Margarita Ledo, cineasta e profesora da Facultade de Ciencias da Comunicación, convocou a varias persoas, en Castro de Rei (Lugo), para filmar algunhas das esceas do filme *Liste, pronunciado Lister*, xa estreado (e que eu aínda non vin). Entre os convocados estaba Ricard Salvat, moi amigo de Enrique Líster desde 1962 e co que colaborou, durante varios anos, en actividades do Consello Mundial da Paz. Cónstame que para esta película-documental, sobre Líster (Calo, Teo, 1907 – Madrid, 1994), filmáronse escenas en París, Moscú, Praga e outros lugares transitados polo dirixente comunista galego antes e despois da Guerra Civil. A presenza de Salvat no filme constitúe a última imaxe galega do noso amigo.

No mesmo 2006, a Deputación da Coruña publicou un magno catálogo de homenaxe a Isaac Díaz Pardo co subtítulo *Creación e compromiso na Galicia do século XX*. Nesa obra figura a última contribución galega do gran Ricard Salvat: “A propósito das escenografías de Isaac Díaz Pardo”.

O 24 de marzo de 2009, como consecuencia dun derrame cerebral, Ricard Salvat faleceu en Barcelona. Ás poucas horas, Neus, a súa filla maior, comunicounos a noticia tan dolorosa como inesperada a Isaac Díaz Pardo e a min, que nos encargamos de transmitila a outros amigos e admiradores galegos. O Teatro (con maiúscula) estaba de loito, e dun xeito moi especial, o teatro galego.

Isto é o que intentamos expresar nos nosos artigos necrolóxicos, ó día seguinte, Díaz Pardo, Xosé Neira Vilas, Moncho Ramos Requejo, eu...¹⁸ Desde entón, contraemos o compromiso de tributarlle unha homenaxe a Ricard Salvat, unha homenaxe que se achegue, na medida do posible, á grandeza, ó talento e á eficacia que puxo en todas as súas actividades literarias, algunhas das cales levaron o nome de Galicia por lugares insospeitados do mapa cultural do mundo.

Convén ter moi presente, por outra banda, que, coa morte de Ricard Salvat, desaparece non só un dos grandes persoeiros do teatro catalán (e español), senón un persoeiro relevante da causa mundial do Teatro. Isto sábeno os que, en Cataluña, nos últimos anos, o fixeron obxecto de silencios e pretericións, como saben tamén que o xove Salvat fixo, pola modernidade do teatro e do

¹⁸ Sei que se publicaron outras notas necrolóxicas na prensa galega deses días. As mencionadas apareceron en *La Voz de Galicia* (25-3-2009), en *El Correo Gallego* (a de X.N.V.) e en *La Región* (1-4-09, a de M.R.R.). Días despois, unha de Cipriano Jiménez en *A Nosa Terra* (Vigo).

espectáculo teatral, o que ninguén sabía facer ou se atrevía a levar á escena. Eran tempos moi inhóspitos, na “pell de brau”, para calquera actividade cultural con pretensións de impacto no público. Arredor de 1960, o xove Salvat impresionaba os entendidos e inquietaba o Poder porque acababa de situar no centro da escena unhas palabras e uns modos que os biógrafos do teatro terán que examinar con admiración, e todos nós con gratitude.

Anexo: textos e documentos

Epistolario Ricard Salvat

CARTAS DE RICARD SALVAT A XESÚS ALONSO MONTERO

I

[decembro, 1963]

Querido amigo:

Me alegró mucho recibir tus trabajos. Son muy interesantes, algunos de ellos –quero decir algún artículo– te lo citaré en mi trabajo de tesis.¹⁹ Y en un diccionario que estoy haciendo para la Ed. Salvat. ¿Me lo permites? ¿Cómo van tus cosas? ¿Sigues dando clases en el Instituto? Escíbeme y cuéntame lo que haces y lo que escribes.

Últimamente me he preocupado mucho de teatro: *Santa Juana*, de Shaw. Todo el teatro de Espriu que hemos montado porque él cumple 50 años este año: *Antígona*, *Gent de Sinera*, *La pell de brau*, *Primera historia d'Esther*. Ya te supongo enterado, en parte porque imagino que seguirás leyendo *Serra d'Or*.

He publicado dos libros más. Un libro para niños, una especie de cuento largo –*La cafetera*– y mi primera obra teatral –*Mort d'home*–. ¿Lees catalán? Si crees que podrás entenderlo, dímelo que te los enviaré.

Estuve dirigiendo dos cosas en Madrid, una obra de B. Vian y dos de José Bergamín. Fue una experiencia bastante interesante.

Estoy intentando acabar mi tesis pero me cuesta mucho porque he elegido un tema vastísimo, el teatro de la era burguesa, y me resulta inacabable. Esto me resta tiempo y tranquilidad para mis novelas u obras de creación.

¹⁹ Titulouse a tese *El teatre contemporani*.

Bueno, majo, aquí tienes en “digest” lo que estoy haciendo. Este verano quise ir a Galicia. Ya recuerdas que soy un apasionado de tus tierras; luego surgieron unos contratos y no pude salir de vacaciones. Quizás pueda el verano próximo. Y tú, ¿piensas volver por Barcelona?

Un 1964 lleno de paz y éxitos en tu trabajo. Saluda a tu mujer.

Cordialmente
Ricardo (sic)

II

B- 28-12-1969

Querido Xesús:

Perdona que no te haya escrito antes pero es que tengo un trabajo enorme. No sé si llegaré a tiempo con lo de Castelao.

- La traducción se hizo en colectivo (C.I.T.A.C.). Los poemas más difíciles los tradujeron José Niza y João Rodrigues (y Manuel Simões).
- La música era de José Niza Mendes. Se cantaban: “Negra sombra” (Rosalía). “Quando no silencio das noites de luar” (Curros). “Adeus ríos, adeus fontes”. Las poesías sociales y populares que tú mandaste... (7 u 8 quartetas).²⁰ “Este parte, aquele parte” (Rosalía). “Madrigal á cidade de Santiago” (Lorca). Popular cubana (recogida vía oral por un servidor). Dos couplets de Salvador Espriu y un servidor. Una canción de guerra de S. Espriu y un servidor. “Canção do rapas da loja” (Lorca). Canciones de *Os Vello*s: un total de unas doce canciones.
- En la parte plástica colaboraron João Botelho, el arquitecto que tu conociste²¹ –no me puedo acordar de su nombre– y, claro está, Seoane. Realizaron los antes mencionados con alumnos de la Escuela de Belas Artes.
- Se dieron, evidentemente, representaciones privadas.
- No he escrito nada más sobre Castelao de lo que figura en mi libro *Teatre contemporani*.

²⁰ Ver nota 6.

²¹ Trátase de Armando Alves Martins (Coimbra).

La [palabra ilexible] está en plena efervescencia, en su mejor momento tal vez. Se nota mucho mi ausencia pero ahora sigue adelante.

Espero tus libros. Todo lo mejor del mundo para 1970.

Ricard Salvat

[P.D.]

Hemos visto a Seoane. Él dice que se va a publicar *Castelao e a sua época*.

III

[diciembre, 1970]

Querido Xesús:

Este año no hemos hecho chritsmas. No, por ello, y aunque sea con retraso, no quiero dejar de felicitaros, mejor dicho, desearos un feliz 71. Recibí el *Castelao*. Bravo y gracias. Los otros dos libros tuyos no llegaron.

Como ves, me vais a tener que nombrar embajador cultural de Galicia, digo yo. El día 12 estreno en el Nacional *La filla del mar*²². Como ves, empiezo una nueva etapa. Me alegró mucho tu felicitación. Lo del *Correo Catalán* por ahora se ha parado.²³

Un abrazo muy fuerte de los tres para los cinco.

Ricard

IV

B- 15-12-1972

Querido Xesús:

Recibí tu pequeña carta y los artículos que me interesaron mucho. Me gustaría que mi artículo –el que hice sobre Seoane y Díaz Pardo– se publicara en alguna revista vuestra y en gallego.²⁴ Díaz Pardo me dijo que el proyecto del catálogo no tiene un futuro nada claro y ahora me haría ilusión que se publicara en algún periódico o revista vuestra y, a ser posible, en gallego. ¿Podrías ocuparte de ello? Te lo agradecería mucho.

²² *La filla del mar* (1900), de Ángel Guimerá (1845-1924).

²³ Non lembro de que se trata.

²⁴ Publicado, primeiro, en *Tele/eXprés* (Barcelona), reproduciuno, logo, en *La Voz de Galicia* (11-2-1972), non sei por mediación de quen.

¿Se resolvió, finalmente, todo lo referente a tu última conferencia en Barcelona?²⁵ ¿Te convencieron los argumentos y justificaciones?

No sé si te dije que me gustó mucho haber conocido a Xosé Neira Vilas. Es una persona de alta categoría a todos los niveles.²⁶

Estoy viajando mucho en estos últimos tiempos. Estuve en la Sorbona en las Jornadas Internacionales Universitarias sobre Teatro Gallego. Como no había nadie de Galicia, yo hice una amplia información sobre lo que estáis realizando y sobre el teatro gallego en general. Creo que quedó bien.

Dentro de unas horas salgo para los Estados Unidos por motivos de futuro trabajo. También me proponen ir a Roma. De hecho, lo de Roma –una pieza de Alberti– y lo de los Estados Unidos me ha coincidido. Pero en Roma me piden que, como mínimo, supervise el trabajo. Como ves, tengo motivos para estar contento a pesar del siniestro panorama que se cierne sobre todos nosotros.

Emilia y Xesús, os deseamos una muy Feliz Navidad y un 73 lleno de paz y prosperidades. Besos de las niñas para vuestros chicos y un abrazo nuestro, muy fuerte, para todos vosotros.

Ricard

v

México, 20-5-1974

Queridos amigos:

He tenido la suerte de vivir en un hotel donde se encuentra este maravilloso mural.²⁷ Hemos tenido grandes éxitos con *Noche de guerra* y con *La nueva colo-*

²⁵ Supoño que se refire a una conferencia miña na Universidade, proferida nunha aula pequena na que estaban –dentro– varios números da policía armada, incluído un capitán. Foi en maio de 1972, pouco despois dos sucesos tráxicos de marzo en Ferrol, cidade á que eu denominei “Ferrol... de Pablo Iglesias”. *O tempora!*

²⁶ Asistiu Salvat a unha curiosa conferencia de Xosé Neira Vilas, tan curiosa que, non autorizado polo gobernador civil para facer unha disertación, o centro aceptou ofrecer un acto literario no que Basilio Losada facía preguntas –sempre do universo literario– ás que Neira Vilas respondía coa debida brevidade. *O mores!*

²⁷ É unha postal que reproduce parte do mural de Diego Rivera *La Alameda*, no Hotel del Prado.

nia, de Luigi Pirandello. El país es apasionante y está en plena marcha hacia el futuro. He de contarte muchas cosas.

Un abrazo a todos
Ricard

VI

Barcelona, 24-12-1974

Queridos amigos:

Os deseamos todo lo mejor del mundo para 1975.

Xesús, recibí ya los seis ejemplares de los *Seis poemas* lorquianos. Esta vez la edición es muy cuidada. No he detectado faltas ni más error que el que vosotros ya dais fe. Claro que en eusquera cualquiera sabe si hay faltas o no. Me he quedado con las ganas de saber que dice Aresti en su nota. ¿Tú sabes de qué habla? Como él no tiene por costumbre escribir, no se lo pregunto directamente. El librito es muy funcional y, por esto, creo, muy, muy bello. Es de una muy elegante sencillez. Os felicito. El editor me llamó como pidiendo excusas y, pocos días después, llegaron los ejemplares.

Me gustaría saber en qué quedó la posible publicación de mis artículos sobre el teatro español de los años 70. Si os interesa publicarlo, me gustaría mucho que tu hicieras el prólogo.²⁸ Ya te diré de qué manera creo que sería bueno enfocarlo para que no puedas decirme que no. Es que todo el mundo tiene prólogos tuyos menos yo y, como soy medio gallego, creo que me lo merezco. También me gustaría saber lo de la posible antología dedicada a Salvat-Papasseit.²⁹

Un abrazo muy fuerte y hasta pronto
Ricard

[P.D.]

Dime hasta cuándo tengo tiempo para lo de Orense. Yo te llamaré uno de estos días.³⁰

²⁸ Conxunto de artigos seus publicados na súa maioría en *Tele/eXprés* sobre dramaturgos españois, entre eles, Valle-Inclán, Eduardo Blanco-Amor, Isaac Díaz Pardo e José Ruibal. Tamén un sobre o Teatro Circo que dirixía Manuel Lourenzo. Supoño que as miñas xestións ante Ramón Acal, o director, en Madrid, de Akal Editor, non tiveron éxito.

²⁹ Non recordo nada sobre esta proposta.

³⁰ Ver nota 35 .

VII

Barcelona, 22-3-1975

Querido Xesús:

Ayer hablé con Isaac de la edición de *Castelao e a sua época* y otras cosas varias. Me contó que tienes algunas dificultades en el Instituto. Me dejó un tanto preocupado.³¹ Tenme al corriente de la marcha de este asunto. Te adjunto esta fotografía que te traje de México. Supongo que te gustará. En Prades me olvidé llevármela para dártela.³² A lo mejor sirve para animarte un poco. ¿Recibiste mi manuscrito?

Un abrazo muy fuerte para todos
Ricard

VIII

Barcelona, 15-9-1975

Querido Xesús:

Te envío la noticia de que deberás cambiar de domicilio y de centro de enseñanza, aparecida en *Tele/eXprés* el tres de este mes.³³

Mirando periódicos atrasados he encontrado una serie de noticias y comentarios referidos a Castelao y a los actos que tuvieron lugar en homenaje suyo. Te los he recortado porque pienso que quizás puedan interesarte.

Después de la conversación que tuvimos, poco nuevo tengo que decirte. La situación en la Universidad sigue muy negra y confusa.

Ahora sólo quisiera recordarte algunos aspectos. Contéstame sólo cuando tengas tiempo. Comprendo, claro está, que ahora estás lleno de preocupaciones.

a) Quisiera saber cómo anda la posible publicación de mi libro de teatro. Si sigue interesándote, dímelo, si no, envíamelo, por favor.³⁴

³¹ Daquela, xa se iniciara o expediente (político) contra min. O resultado foi traslado forzoso (desterro administrativo) ó Instituto de Montilla (Córdoba) durante cinco meses: de outubro de 1975 a marzo de 1976.

³² Prades (Francia), en catalán local, Prada; eu asistira, en setembro de 1974, como conferencian- te, a unha *escola d'estiu*.

³³ Ver nota 31.

³⁴ Ver nota 28 .

- b) Por fin he encontrado el artículo “De cómo dos pintores gallegos me ayudaron a encontrar un camino”. Apareció en *La Voz de Galicia* el 11 de febrero de 1972. Sólo he encontrado una página, por tanto no puedo mandártelo porque está incompleto. Pero, al menos, tienes una pista si es que sigue siéndote útil.
- c) ¿Cómo quedó lo de los originales del Ateneo de Orense? ¿Tuvo lugar la subasta? ¿Dio alguien algo por mi original? ¿Se podrá publicar el texto?³⁵
- d) Guárdame algún ejemplar de ese *Castelao* que editasteis con lo que todo el mundo aportó. La última vez que nos vimos en el Colegio de Arquitectos me quedé sin poder conseguir ningún ejemplar.³⁶

Tenme al corriente de cómo quedan tus cosas. Estoy un tanto preocupado. Hoy creo que vendrá a verme Moncho Ramos.³⁷

Como te dije, en Prada se te echó mucho de menos.³⁸

Un abrazo, muy fuerte, para todos
Ricard Salvat

³⁵ O Ateneo de Ourense, orientado, nesa altura, polo Partido, editou vinte mil exemplares dunha escolma (feita por min) de textos de Castelao. Regalouse a edición en fábricas e escolas, edición que se lle pagara a Akal, en parte, co diñeiro recadado coa venda de obras de artistas plásticos simpatizantes da idea. Era propósito noso, tamén, vender os orixinais (manuscritos ou mecanoscritos) dos textos solicitados para un volume que se titularía *Homenaxe multinacional a Castelao*, que, logo, publiquéi eu na colección Arealongiña, de Akal Editor (1976). Non lembro que alguén adquirise ningún orixinal; tampouco, por tanto, o de R. Salvat (“Com vaig descobrir la figura de Castelao”).

³⁶ Fora nunha conferencia miña, tamén sobre Castelao, na que parte do público foi agasallado con exemplares da insólita edición do Ateneo de Ourense (v. nota anterior).

³⁷ Moncho Ramos é Ramón Ramos Requejo, profesor de Socioloxía na Universidade de Barcelona, natural de Maceda (Ourense), onde hoxe, xubilado, reside. Foi un activista cultural (e político) entusiasta, constante e desprendido.

³⁸ Ver nota 32.

IX

Barcelona, 24 de juliol del 1980

Para Xesús Alonso Montero
Vigo

Querido Xesús:

Me acaba de decir Nuria que llamaste pidiendo información sobre “Música només per a vostè”, en alemán “Wunschkonzert”, y que es una obra de Frank Xaver Kroetz. Los decorados son de Joan Vila-Grau y la emisión radiofónica, que es fundamental en la obra, se ha hecho con la colaboración de Joaquim Maria Puyal y el equipo del programa T.V. “Vostè pregunta”. Ha colaborado también Radio Barcelona. Parece ser que ayer se estrenó en el Festival de Aviñón la versión francesa, por tanto estamos *a la page* de las Francias, lo cual a ciertos niveles de subdesarrollo, que son los que abundan en tus latitudes, y aún más en las mías, no dejará de hacer su efecto.

Te envió la biografía de Carla Cristi, la protagonista, y la del autor, y otra de Joan Vila-Grau, el decorador, y mia. Espero que en Sargadelos tendremos ocasión de hablar y que no te despedirás a la francesa como es habitual en ti.

Si escribes algo sobre el estreno, no dejes de recalcar que es estreno absoluto en España, como dicen ellos, o en el Estat Espanyol, como decimos nosotros.³⁹Te deseo toda la felicidad del mundo.

Un abrazo,
Ricard Salvat

X

Barcelona, 2 de novembre de 1983

Sr. Xesús Alonso Montero
Vigo

Querido Xesús:

Aquí va la traducción, que no me ha sido nada fácil.⁴⁰ Como verás, el núme-

³⁹ No artigo central deste volume refirome, polo miúdo, a esta representación de Sargadelos, que foi estrea mundial.

⁴⁰ A tradución ó catalán das sete cantigas de Martín Codax. Fálase o debido no artigo central deste volume.

ro 6 lo he dejado en la versión de narrador. Si tu crees oportuno añadir el “yo”, como has hecho en castellano, en tus manos lo dejo, aunque a mí me gusta más el tono ambiguo que posee en el original. Respecto del quinto, que ha sido para mí el más difícil, he dado una lectura quizá más malintencionada de la que das en la versión castellana. De todas formas, si crees que me he permitido demasiadas libertades, llámame y lo comentamos.

Perdona el retraso pero ya sabrás que durante el festival vivo sin vivir en mi como decía aquel joven amigo y vecino tuyo. Sobre tu no venida, tu descarada deserción, qué quieres que te diga, vas, me mandas o viene ese embajador tuyo que tienes en Barcelona,⁴¹ me dice que estarías dispuesto a venir, te llamo, entramos en el juego de tus coqueteos y tus contradicciones, que sí, que no, que no, que sí, como la parrala, y luego, como siempre, resulta que no vienes. Tú no vienes, pero tampoco viene ningún representante gallego. Si es lo que yo digo siempre: tener amigos gallegos es una cruz, pero mira, uno tiene ciertas debilidades, qué le vamos a hacer...

Un abrazo para todos. Ya me dirás si te gustó el grabado de Armand Cardona Torrandell.

Ricard Salvat

XI

9-9-1993

Querido Xesús:

Marcho mañana hacia Budapest. No ha habido manera de trabajar, mano a mano, con Isaac. Me ha creado un gran problema. Ayer me mandó tres dibujos por fax y hoy dice que mandará más. Ya veremos. NO COMENTES NADA.

Te envió la publicación que acompañaba el acto de homenaje al maestro Riba y que presidió Pujol. Creo que el más jovencito de la audiencia (como ahora dicen) fui yo. Poquísima gente. Las intervenciones, sobre todo la de Guardiola, tristes, muy tristes. ¡Cómo se te echó de menos! Escríbeme a Budapest. Sé bueno.

Un abrazo
Ricard

⁴¹ Supoño que se refire a Moncho Ramos (ver nota 37).

XII

[diciembre, 2003]

Querido Xesús:

Hace tiempo que quería escribirte. He tenido mucho trabajo este año 2003 de honores y de revisión de *Noche de guerra en el Museo del Prado*.⁴² Te envío materiales.

Sentí mucho que tu artículo para el catálogo de la exposición no fuera adelante.⁴³ No entiendo qué pasó pues tu nombre fue el primero que di. Te agradecería que lo acabaras, porque parece que la exposición se hará en Sitges, Tortosa y Tarragona. Y en estas plazas DEBE estar tu artículo. No sabes cómo me ilusiona poder publicarlo muy pronto.

Un año 2004 lleno de paz, felicidad y éxitos.

Un abrazo
Ricard Salvat

⁴² A famosa obra de Rafael Alberti que xa fora representada, baixo a dirección de Salvat, en Madrid no ano 1978.

⁴³ Trátase do catálogo *Ricard Salvat i la seva época*, Barcelona, 2003. Colabora, si, cun artigo, Isaac Díaz Pardo.

CARTAS DE NÚRIA GALOBARDES (VIÚVA DE RICARD SALVAT) A XESÚS ALONSO MONTERO

I

Barcelona, 3 de juliol de 2009

Querido Xesús:

Gracias por tu bonita carta;⁴⁴ no he podido enviarte antes lo que pedías porque estaba acabando el curso.

Te mando todo lo que he encontrado que haga referencia al teatro gallego. *Ricard Salvat i la seva época* es una exposición que se hizo en el Palau de la Virreina el año 2003, del 10 de julio al 12 de octubre.

El libro *Ricard Salvat*, publicado por Enginers Industrials de Catalunya, es una larga entrevista de toda una vida; tiene también un vídeo.

Si necesitas algo más, dímelo, o, mejor, se lo dices a Eulalia, la hija pequeña, que sabe localizar más fácilmente algunas cosas de Ricard ya que, últimamente, trabajaban juntos en muchas cosas.

No sé si tienes correo electrónico pero, por si acaso, te doy el nuestro. Yo todavía soy de la vieja escuela y me encanta recibir cartas.

Bueno, Xesús, aquí estamos intentando adaptarnos a una vida sin Ricard pero nos cuesta mucho a todos. Ricard era mucho Ricard y su presencia está en todas partes.

⁴⁴ A miña carta de pésame, días despois do falecemento de Ricard.

